


33. Película: *Piratas de Silicon Valley*

Piratas de Silicon Valley é unha película/docudrama baseado no libro “Fire in the Valley: The Making of The Personal Computer” escrito por Paul Freiberger e Michael Swaine. Narra as historias paralelas de Apple e Microsoft nos anos 70-80 ata a súa reconciliación no ano 97.

Tráiler: https://www.youtube.com/watch?v=ErPNzD_O_UM

Cres que os grandes inventos foron feitos por xente moi intelixente? A roda foi creada por un gran inventor? Pensa outra vez. A roda foi inventada por **un tipo que non tiña ganas** de arrastrar cousas.



“Todo foi inventado por xente que non era máis intelixente ca ti.”



– Steve Jobs.

“Mentres miramos adiante cara o século vindeiro, dámonos conta que os líderes serán persoas capaces de motivar a outros.”

– Bill Gates.

Empresas e personaxes principais:

Apple Computer, Inc.



- Steve
- Steve
- Joanna Hoffman
- John Sculley

Microsoft Corporation



Original logo (1975)



“Blibbet Logo” (1975-1987)



“Pac-Man” Logo (1987-2012)



(1994-2002)



(2006-2011)



(2011-2012)



New Modern Logo (2012)



- Bill Gates
- Steve
- Paul Allen

Historia de Apple

Cara o primeiro ordenador doméstico

Como Steve Wozniak era afeccionado á electrónica, movíase moito no que hoxe se chaman “makers”, clubs “homebrew” ou “hackerspaces”, lugares de encontro de *geeks* que comparten as súas creacións (exemplo na Coruña: oshwdem.org/)

John Draper, alias “*Captain Crunch*” deseñou un xerador de tonos para chamar gratis por teléfono. Simulaba a frecuencia de 2,6kHz que utilizaban os códigos de AT&T para autorizar chamadas internacionais. Jobs e Woz colaboraron con el para a fabricación e distribución do trebello.

Cando o Apple I, Wozniak traballa a tempo parcial en HP e tiña firmada un compromiso de exclusividade. Como era honrado, foi falar co seu xefe facer participar a HP dos beneficios do “ordenador doméstico”. O xefe non o tomou en serio e firmoulle unha renuncia de participación.


No garaxe de Steve Jobs fabricouse o Apple I coa axuda de amigos e veciños. Tamén se fixo alí o deseño do Apple II, que se vendería durante 17 anos.

O Apple II foi un ordenador extremadamente rentable e popular nos anos 80. Tanto é así que se vendían clones de outros fabricantes e incluso kits para facerte o teu na casa co soldador (molaría facelo en clase...). Aínda que non alcanzaba a capacidade do Mac, chegou a ter unha interface de ventás.

Steve Jobs tiña un odio extremo por IBM. Creía que para motivarse necesitaba un inimigo e encontrouno en IBM. Comparáboo co “*Big Brother*” da novela “1984” de George Orwell. Consideráboos unha panda de estirados. Decía: “É mellor estar cos piratas que alistarse na Mariña.”

Esa estratexia aplicábaa tamén dentro da súa empresa, cando enemistaba ós enxeñeiros de Lisa cos do Apple II, ou máis tarde cando creou un equipo de alto segredo para deseñar o primeiro Macintosh.

Steve Jobs, cando xa abandonara a carreira pero seguía pola universidade, realizou un curso de **caligrafía** no Reed College. Estaba tamén iniciándose no budismo: ía a clase descalzo, coa cabeza afeitada. A caligrafía outorgoulle habilidades que moitos anos




despois servirían para mellorar a GUI de Xerox aplicándolle tipografías realistas en lugar de as típicas *monospace*.

Tras deixar a universidade, Jobs entrou a traballar en

Atari e creou o xogo “Breakout” coa axuda de Woz. Aproveitou para gañar moitos cartos que ocultou a Wozniak.

(wikipedia.org/wiki/Breakout_%28videojuego%29).



A debacle no momento de máxima innovación

Co éxito do Apple II, a compañía estaba consolidada. Pero Jobs quería ir máis lonxe, tiña en mente a seguinte innovación da informática doméstica, e quería ser o primeiro en lanzala.

A **GUI** (*Graphic User Interface*) abarca tecnoloxías como o **entorno de ventás, o rato, e as tipografías avanzadas**. Esta innovación foi obtida do **Xerox PARC** (*Palo Alto Research Center*). Realmente non foi roubada, xa que Steve Jobs conseguiu ser invitado por Xerox a cambio dun paquete de accións de Apple. Na foto podes ver o Xerox Alto (wikipedia.org/wiki/Xerox_Alto), fíxate que tiña a pantalla en modo “retrato”.



A GUI, esa gran invención de Xerox aparecería por primeira vez nos fogares gracias ó Apple Lisa, pero fracasaría por costar 10.000\$. Volvería á carga co **Macintosh**, un ordenador revolucionario, cun deseño espectacular. Non tiña curva de aprendizaxe. Calquera podía coller un rato e empezalo a usar. Para Steve **o deseño non era só “como se ve”, senón “como funciona”**.

O Macintosh, por desgracia tamén supuxo un paso atrás en moitos aspectos: escasa RAM, só unha ranura de diskette (sen disco duro, claro), falta de conectividade, escaso software de lanzamento por parte de terceiros (só Microsoft axudou) e prezo aínda moi elevado.

As vendas non foron como se esperaba e o consello de administración, dirixido por John Sculley como CEO (*Chief Executive Officer*), puxo a Steve Jobs nunha situación na que tivo que abandonar a empresa. Sculley era unha figura relevante para Steve. Fichouno el mesmo, conseguindo que abandonara Pepsi.

Máis tarde, cando Steve descubriu que Bill Gates lle roubara moitas innovacións do Macintosh xustificouse dicindo *“Ti e máis eu somos dous rapaces que tiveron un veciño rico –Xerox– que deixou a porta aberta todo o tempo. E ti entraches para roubarlle a*

súa TV". (Esta frase foi parcialmente desmentida por Bill Gates). Era igual, intrigas aparte, estes personaxes, históricos todos eles, conseguiron...

*...transformar unha **evolución técnica** nunha **revolución cultural**.*

Outros temas controvertidos nesta historia son as xornadas de 90h semanais e a paternidade de Steve Jobs.

Historia de Microsoft

Como non a coñezo ben, só vou incidir nun par de puntos desta historia:

- A gran xogada de Microsoft, esa que na película din que debería aparecer nos museos divídese en dúas partes:
 - Que IBM pague a Microsoft **por cada licenzia** do seu sistema operativo MS-DOS (ollo, non un prezo pechado).
 - Que Microsoft poida **licenziar o seu sistema operativo a outros fabricantes** de ordenadores, dando lugar ós ordenadores clónicos e á informática como a entendemos hoxe.
- O sistema operativo que Microsoft vendeu a IBM non existía cando foi vendido. Comprárono por 50.000\$ a Seattle Computer Products e renomeárono como MS-DOS.
- Steve Ballmer foi o sucesor de Bill Gates como CEO de Microsoft. Ten un carácter impulsivo que resulta simpático:
(<https://www.youtube.com/watch?v=e8M6S8EKbnU>)
- Esa escena na que saen roubando unhas escavadoras para facer carreiras de noite. Pois ben, non é para adornar a película, é real.
- Bill Gates quería a todo trapo a tecnoloxía do Macintosh. Logrou converténdose en developer de software (prestáronlle hardware para crear ...e copiar). A raíz de iso creou o primeiro Windows, que era unha interfaz que funcionaba sobre MS-DOS.
 - Isto pronto se converteu nunha demanda millonaria que durou dende 1984 ata 1997.
 - Microsoft non logrou que os seus usuarios se pasaran en masa a Windows ata finais da década dos 90. O que si conseguiu foi unha gran cuota de mercado chegando case ó monopolio.
 - No ano 1997, cando Steve volveu a Apple, fixo un pacto segredo con Bill para rematar a demanda e poñer fin ás hostilidades. Entre os acordos:
 - Unha suma de diñeiro.
 - Microsoft volvería a realizar software para Macintosh: Ms Internet Explorer, Microsoft Office e outros. Este acordo supuxo parte do rexurdimento de Apple.

Para saber máis

Máis información sobre a película en.wikipedia.org/wiki/Pirates_of_Silicon_Valley

Outras películas centradas na figura de Steve Jobs:

- **Steve Jobs.** 2015 Dirixida por Danny Boyle e guionizada por Aaron Sorkin. <https://www.youtube.com/watch?v=oe06MZkF5vo>
- **Jobs** (2013) Dirixida por Joshua Michael Stern. Protagonizada por Ashton Kutcher (parecido asombroso) <https://www.youtube.com/watch?v=uAV-VDWU6i0>

Serie

- Halt and Catch Fire



Vídeos

- Como era o primeiro Macintosh? Bótalle un vistazo ó futuro visto dende o pasado: https://www.youtube.com/watch?v=iwfoOlvo9_g
- Steve Jobs presenta o anuncio "1984", dirixido por Ridley Scott. Ríronse de el polo anuncio. A xunta de accionistas non o entendía: https://www.youtube.com/watch?v=W_BEIvm0R48
- Steve Jobs presenta o primeiro Macintosh: <https://www.youtube.com/watch?v=c4mDbwoG5y4>
- Young Steve Jobs introduces the Macintosh: <https://www.youtube.com/watch?v=2B-XwPjn9YY> (antes desta demo o ordenador fallou e para cubrirse utilizaron un modelo non dispoñible ó público con 4 veces máis RAM)
- Campaña publicitaria **Think Different**: <https://www.youtube.com/watch?v=EryxBXY8OHo>
- Steve Jobs - Clip: "Woz Asks Steve What He Does": <https://www.youtube.com/watch?v=-9ZQVlGfEAc>
- O fracaso do Macintosh, a necesidade de obter liquidez do Apple II e a dimisión de Steve: https://www.youtube.com/watch?v=xy6Qf_OdXHg
- Este discurso que Steve Jobs deu na universidade de Stanford, deu a volta ó mundo polo seu poder **motivacional**: <https://www.youtube.com/watch?v=ZF00mfp2rFM>

"Stay hungry, stay foolish."

– Steve Jobs.

"Se espero, perderei a audacia da xuventude."

– Alexandre Magno.

“Conseguírono porque non sabían que era imposible.”

– Jean Cocteau.

Exercicios

1. Relaciona hardware con software (sistema operativo):

Hardware	Sistema operativo
Samsung Galaxy S8	
iPhone 8	
Dell XPS 13	
PC clónico	
Mac	

2. Bill Gates definiu moi ben o papel de Xerox nesta historia. Explícao coas túas palabras.
3. Que agocha a frase “É mellor estar cos piratas que alistarse na Mariña.”?
4. Explica cal é o trato entre IBM e Microsoft.
5. Investiga sobre o que fixo Steve Jobs nos anos fora de Apple (NeXT, Pixar...).
6. Que simbolismo aprecias no momento do incio e do fin da película, cando Bill Gates aparece na pantalla grande. Foi unha boa idea por parte de Steve?
7. Por que foi tan doloroso que Sculley informara a Steve de que se tiña que marchar?
8. Que é unha *startup*? Que opinas dese mundo? Sabes que en Santiago existen viveiros de empresas?
9. Que opinas das trabas que poñen os bancos para dar financiación a este tipo de proxectos? Cres que hai algunha solución?